



# A VOZ GALEGA EN EUROPA

CON ANA MIRANDA

DECÁLOGO DE  
PRINCIPIOS DO BNG  
EUROPEAS 2024

# 0. INTRODUCCIÓN

## A Unión Europea hoxe

Desde a creación da Unión Europea, o BNG xa denunciou en reiteradas ocasións que a súa razón de ser é como instrumento ao servizo dos intereses do gran capital, e que persegue como principal obxectivo facilitar o proceso de concentración e centralización capitalista no ámbito europeo. A rápida involución que se verificou ao longo dos últimos anos, cun notábel aumento do belicismo como reflexo do papel cada vez máis subordinado dos Estados membros ao servizo dos intereses xeoestratéxicos do imperialismo liderado desde os EUA non fai máis que volver ratificar o acerto da análise e posición histórica do nacionalismo galego ao se opor ao denominado proceso de «construción europea».

A orientación das políticas da Unión Europea seguiu e segue ferreamente inserida na axenda ultraliberal. A xestión da pandemia da covid-19 e dos seus efectos, para alén do relato propagandístico que tencionou proxectar a imaxe dunha UE máis social e cooperativa, volveu demostralo ao supeditar de maneira deliberada o fornecemento de material sanitario ou a produción de vacinas aos intereses de negocio de grandes grupos empresariais multinacionais. Nin nun contexto extremo, nun cadro de evidente emerxencia sanitaria, a UE permitiu na práctica unha intervención pública efectiva, senón que relegou o papel do público a medidas de control en termos de seguridade e a ser o financiador, a cargo de débeda pública, dun gran negocio que se está a demostrar que estivo atravesado por un afán especulativo e tramas corruptas.

Diante dos graves efectos económicos e sociais que se derivaron da pandemia, a UE deu unha resposta aparentemente distinta da despregada na crise de 2008. Mais, na práctica, a mudanza reduciuse apenas á maneira na que se executan as decisións co obxectivo de evitaren unha nova vaga de descontento e protesta social que afondase no crecente descrédito das institucións europeas, como sucedera na crise anterior. Se ben non houbo «homes de negro» da Troika a interviren estados de maneira explícita violentando a súa soberanía, como sucedeu coa Grecia no 2010, a condicionalidade imposta e ocultada a nivel público para o acceso a fondos como o programa Next Generation supoñen, na práctica, a imposición aos estados de políticas neoliberais de recorte social moi parellas ás que ficaban explícitas nos memorandos da Troika.

Fronte ao relato da propaganda oficial de que desta volta a UE tería amosado o seu rostro máis humano, vemos como a configuración destes fondos extraordinarios é, na práctica, unha grande estafa social que o único que persegue é protexer os intereses dos grandes grupos económicos. Unha estafa que se asenta na ocultación de que a orixe deses fondos son as achegas dos propios estados da UE e que acceder aos mesmos supón, ademais da súa devolución, a aplicación forzosa das políticas ditadas desde a propia UE: limitación do gasto público, control do déficit, redución da débeda, privatización de servizos públicos, desregulación laboral e reforma dos sistemas públicos de pensións e de protección social. Para alén de impoñer que a aplicación dos fondos teña un carácter centralista que, no caso do Estado español, ten afondado na discriminación territorial, especialmente grave no caso da Galiza, e tamén na utilización desa inxente cantidade de recursos para llos entregar ás principais empresas da oligarquía empresarial española con sede en Madrid.

Do punto de vista económico, as decisións aplicadas desde o Banco Central Europeo volveron evidenciar que o propio euro é apenas un instrumento monetario ao servizo dos intereses do poder financeiro e empresarial, blindando beneficios mil millónarios á gran banca á custa do empobrecemento das maiorías sociais que representan as clases populares e traballadoras. Así, o aumento continuado das taxas de xuro por parte do BCE (do 0 % en 2012 ao 4,5 % actual, un tipo nunca visto desde o ano 2001) provocaron o aumento das cotas hipotecarias, afogando familias e tecido produtivo mentres as entidades financeiras atinxían récord de lucros. A UE non quixo despreñar ningunha medida efectiva e real para combater a carestía da vida, empurrada pola crise inflacionaria, nin o crecente empobrecemento social.

O horizonte que trazan reformas en curso como a da denominada «gobernanza económica» da UE e a recuperación con plenos efectos das medidas e límites fixados polo chamado Pacto de Estabilidade e Crecemento (a pesar de seren inaplicábeis na práctica), o reforzamento do papel da Comisión Europea afastada dun mínimo control democrático, así como os pasos cara ao reforzamento do mercado único sobre a liberalización privatizadora de amplos sectores, é o dunha UE cada vez máis dos estados e non dos pobos e ao servizo do capital e non das maiorías sociais.

O orzamento da UE, cunha programación e execución máis centralizada, demostra de maneira clara como se relega a

pretendida cohesión social e territorial sob outros intereses como o crecente militarismo, facendo do aumento dos gastos armamentísticos unha prioridade comunitaria.

A saída da Unión Europea do Reino Unido tras a celebración do referendo sobre o Brexit de 2016 serve de síntoma palpábel do fracaso do modelo da Unión Europea, con designios expansionistas cara ao leste en conivencia cos ditados da OTAN e ao servizo dos intereses dos Estados Unidos, levándoa a emprender unha espiral belicista cada vez máis desenfreada. Outra mostra do fracasado modelo neoliberal da UE son os fluxos migratorios que non paran de exacerbarse, non só provocando a chegada masiva de inmigrantes extracomunitarias que foxen de guerras e miseria nos seus países de orixe, provocadas en parte directa ou indirectamente polas políticas europeas no plano internacional, senón tamén as dinámicas desiguais de migración forzosa interna, para prover os países do centro de man de obra barata procedente das zonas máis periféricas empobrecidas, e moi especialmente no noso caso, a fuga de cerebros de milleiros de mozos e mozas altamente formadas que azouta Galiza de xeito cada vez máis agudo, e que só serve para agravar aínda máis o problema demográfico.

A resposta á desvinculación do Reino Unido co Brexit foi, por parte dos grandes poderes que dirixen a UE, apostar na aceleración e agudización do proceso de centralización das decisións a nivel comunitario. Un proceso que, non estando exento de contradicións e diferenzas no seo da propia UE, avanza sobre discursos falsamente federalistas cara á conversión da propia unión nunha realidade supraestatal. Así o demostran iniciativas e decisións en relación co alargamento da capacidade de actuación do control fronteirizo comunitario (Frontex), ou o debate aberto a respecto de cuestións como a creación dun exército europeo, a posibilidade de constituír unha fiscalía xudicial a nivel comunitario, a emisión conxunta de débeda, a creación de impostos europeos ou a revisión do proceso de eleccións europeas con candidaturas supra estatais.

Porén, ao mesmo tempo, a UE mira impasíbel para a continuación da agudización do corrento para a extrema dereita de moitos dos seus Estados membros, constatándose un auxe notábel de gobernos dirixidos por partidos de corte claramente neofascista, tolerándose impunemente discriminacións que atentan contra os dereitos humanos fundamentais de sectores máis vulnerábeis da sociedade, como a declaración de «zonas libres de ideoloxía LGBT» que



chegaron a abranguer un terzo de todo o territorio da Polonia, o facto de o aborto ser totalmente ilegal so calquera suposto en Malta até 2023, onde segue a estar extremadamente restrinxido, ao igual que na Polonia.

Por outra parte, a posíbel ampliación da actual UE dos 27, coa incorporación de novos estados (a previsión é de 9 novos membros en 2030), entre eles Macedonia do Norte, acusado por recoñecidas ONG internacionais de vulnerar os dereitos humanos básicos, incluída a intimidación de activistas e xornalistas e mesmo a sospeita de execucións extraxudiciais, o réxime autoritario e caciquil con relacións co crime organizado de Montenegro, Kosovo, nin sequera recoñecido por varios Estados membros da ONU e mesmo da Unión Europea, para nomear só tres exemplos, fica claramente inserida dentro da estratexia de expansión da propia OTAN ao servizo dos intereses xeoestratéxicos que se ditan desde Washington. Un proceso que avanza en converter a UE na estrutura político-económica-institucional dos intereses dos EUA neste lado do Atlántico, e que supón graves riscos para a seguridade e a paz a nivel mundial.

Neste contexto, faise máis preciso ca nunca fortalecer a defensa dos intereses nacionais e sociais do pobo galego para enfrontarmos as consecuencias da dependencia agravada que nos impón a nosa condición de nación sen soberanía inserida no Estado español e a concentración de cada vez maior capacidade de decisión, sobre aspectos esenciais e estratéxicos, en Bruxelas. E para combater a orientación profundamente antisocial das políticas que se nos impoñen desde a UE.



# 1. POLA SOBERANÍA DOS POBOS: GALIZA, NACIÓN EN EUROPA.

Galiza é unha nación que ten dereito a decidir libremente o seu futuro e ten que ter o recoñecemento como Nación en Europa. O BNG considera prioritaria a presenza de Galiza en todas as institucións onde se tomen decisións fundamentais para o futuro do noso Pobo e da súa soberanía. A representación de Galiza con voz propia nas institucións europeas é beneficiosa para o conxunto do pobo galego. A presenza directa do BNG nas institucións europeas, malia as súas limitacións, é fundamental para avanzarmos no recoñecemento da existencia política de Galiza como nación e o seu dereito a ter soberanía propia, así como esixir participación directa nos foros onde se tomen decisións que lle afecten. O BNG traballará no marco europeo por unha Europa dos Pobos e non do capital e da guerra.

Sendo conscientes desde hai anos de que a Unión Europea actúa como estrutura xurídico-política ao servizo de intereses financeiros e económicos, contraria aos intereses das clases populares galegas, impulsora de políticas neoliberais e belicistas que recortan dereitos sociais e dos Pobos, o BNG traballará no camiño da construción dun modelo internacional de cooperación, a partir do respecto á soberanía das nacións e dos pobos, das relacións económicas xustas e reciprocamente beneficiosas e da defensa da democracia. A soberanía das nacións en Europa, entre elas Galiza, é o xeito máis seguro para avanzar cara a un modelo de sociedade máis democrático, xusto e igualitario.

# 2. POLA SUPERACIÓN DA ACTUAL UNIÓN EUROPEA: O BNG, A ALTERNATIVA NECESARIA

A presenza do BNG nas institucións europeas serviu sempre para exercer de altofalante dos intereses xerais das galegas e galegos e de Galiza como nación diferenciada. Malia as carencias democráticas e de transparencia inherentes á



Unión Europea, a presenza do BNG nas institucións europeas é unha ferramenta ao servizo do pobo galego, defendendo a capacidade produtiva de Galiza, a xeración de emprego digno e a creación de riqueza, sempre atendendo os intereses xerais das galegas e galegos.

Nun deseño de Unión Europea moi prexudicial para Galiza, a presenza do nacionalismo galego nas institucións europeas é garantía de que o noso país vai contar sempre cunha voz directa e crítica co actual modelo de Unión Europea neoliberal, defendendo o noso dereito a decidir e ter soberanía para o desenvolvemento de políticas propias, sen subordinacións, que permitan o avance dos nosos sectores produtivos e favorezan a xustiza social.

### **3. POLA DEFENSA DOS SECTORES PRODUTIVOS ESTRATÉXICOS GALEGOS**

O nacionalismo galego seguirá a defender ante a Unión Europea o dereito a vivir e a producir na propia Terra. As decisións que se adoptan en Bruxelas, e que contaron cos avais dos distintos gobernos estatais, interfíren permanentemente neste dereito.

Desde a entrada do Estado español na Unión Europea, o papel dependente de Galiza no marco estatal non fixo máis que agrandarse, lastrando gravemente o desenvolvemento de sectores estratéxicos para a economía galega.

As políticas da UE non tiveron nunca en conta os intereses da Galiza. A Política Agraria Común (PAC) ou a Política Pesqueira Común (PPC) son bos exemplos de deseños comunitarios contrarios a calquera modelo de desenvolvemento para Galiza que teña en conta a enorme potencialidade produtiva do noso país nestes ámbitos. As regras de xogo impostas desde Bruxelas só receitan o desmantelamento dos nosos sectores para que sexan outros os que produzan, sen ter en conta as nosas especificidades como Pobo. O balance da presenza de Galiza na UE evidencia que eran certas as análises que naquela altura realizaba o nacionalismo galego: temos menos poboación e máis avellentada, unha forte emigración xuvenil e unha capacidade produtiva fortemente reducida. Só a través de políticas propias, sen subordinacións, seremos quen de impulsar políticas pensadas para pór o noso país a producir,



combater a emigración e construír unha sociedade máis xusta na Galiza.

No marco das futuras reformas da PAC e da PPC, que se van dar na lexislatura 2024-2029, o BNG será a voz galega contra a discriminación dos nosos sectores produtivos e da defensa do dereito a que todas as galegas e galegos teñan un emprego digno na súa propia Terra.

## 4. POR OUTRO MODELO ECONÓMICO E POR UNHA EUROPA SOCIALMENTE XUSTA

A Unión Europea conta cun deseño neoliberal antisocial, feito a medida dos intereses das elites económicas e empresariais, que provoca fondas desigualdades económicas, territoriais e sociais. Após a pandemia da covid-19, e no que respecta ao capitalismo europeo, asistimos á acumulación de crises económicas, sociais e políticas, así como á multiplicación de guerras. É neste contexto no que ten lugar o debate sobre a reintrodución das medidas de control fiscal do Pacto de Estabilidade e Crecemento, pedra angular das políticas de austeridade na Unión Europea.

Este pacto, que se suspendeu en 2020 tras o estourar da pandemia da covid-19, volve estar hoxe sobre a mesa. A introdución de programas de investimento produtivo como o Next Generation EU introduciu innovacións institucionais até o de agora descoñecidas, como a mutualización das débedas, mais non supuxo ningún cuestionamento a longo prazo dos fundamentos sobre os que descansa a construción económica da Unión Europea.

A economía política da Unión Europea avanza cara a un retorno ao dogma da austeridade, que conduce a unha destrución de pequenas empresas e ao reforzo da financeirización das clases traballadoras. Trátase dun réxime de acumulación que segue centrado en preservar os mecanismos de endebedamento como pancas fundamentais para a acumulación de capital á conta das condicións de vida das maiorías sociais dos seus Estados membros.





Fronte a isto, o BNG é garantía da defensa dun modelo económico e social antitético ao impulsado pola UE, que oriente a economía á satisfacción das necesidades sociais e o interese público xeral, blinde os servizos públicos e inclúa a intervención pública no ámbito produtivo, o contrapunto a un modelo de integración europea xerarquizada, que actúa como un poder supra estatal, ao ditar unha política económica antisocial e contraria ao desenvolvemento autocentrado de nacións como Galiza. O combate contra este deseño neoliberal antisocial non pode dissociarse dos nosos intereses nacionais, xa que o padecemos en maior intensidade ao vírennos impostas as decisións por parte dun estado que nos concede un rol dependente. Só comprendendo a nosa realidade, confiando nas nosas capacidades e potencialidades, poderemos enfrontar con maior eficacia a loita para levar adiante políticas a prol dos intereses das maiorías sociais de Galiza.

## **5. POLA COHESIÓN TERRITORIAL E A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E ENERXÉTICA**

As decisións adoptadas desde a Unión Europea e o Estado español acrecentaron a condición de periferia dependente da Galiza, no canto de impulsar políticas vertebradoras do punto de vista territorial e de mobilidade. A proba máis evidente foi a non inclusión inicial da nosa nación no Corredor Atlántico da Rede Transeuropea de Transportes, a falla de conexións modernas con Portugal ou os problemas sistemáticos no transporte que viven diariamente moitas galegas e galegos. Neste contexto, desde o BNG seguiremos a defender diante das institucións europeas o fomento do transporte público na conexión por estrada e ferrocarril entre Galiza e o Norte de Portugal, con especial atención á creación da liña de tren de alta velocidade entre Vigo e o Porto.

O BNG seguirá a defender que Galiza debe ter dereito a xestionar de forma directa os fondos da Unión Europea que afecten o seu ámbito territorial, en colaboración con outras administracións. Para isto é necesaria unha asignación xusta dos fondos comunitarios, dotando os territorios periféricos da Unión Europea de maiores recursos económicos, mecanismos de autoxestión e competencias administrativas, así como



dunha maior flexibilidade nos prazos da tramitación das axudas europeas. Ademais, reclamaremos para Galiza o dereito a aplicar directamente, no que lle corresponder, as políticas e fondos comunitarios da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

No que respecta ao ámbito da sustentabilidade ambiental, malia a errónea idea xeneralizada de que as normativas e as políticas europeas presentan un perfil moi avanzado na protección do medio e o desenvolvemento sustentábel, temos moitos e significativos exemplos de que fican subordinadas aos intereses das grandes transnacionais, que exercen un forte poder lobístico sobre o seu deseño, como está a acontecer na Galiza cos macroproxectos de enerxía eólica terrestre e mariña, ao amparo de políticas europeas que non teñen en conta a nosa especificidade, ou coa megacelulosa proxectada pola empresa Greenfiber (Altri, Greenalia) na Ulloa. O Pacto Verde Europeo non contou coa realidade territorial e marítima galega. A UE debería esixir que Galiza amplíe a Rede Natura, en lugar de ser cómplice para amparar proxectos que non poderían ser instalados de existir unha maior protección da biodiversidade galega.

O BNG continuará a denunciar a complicidade da Unión Europea cos atentados ecolóxicos que se producen no noso país, como viñemos facendo nos últimos anos na Eurocámara coa megaminaría contaminante, os incendios, a eucaliptización, a contaminación das nosas rías e ríos, a xestión do lixo primando a incineración, a especulación urbanística, os megraproxectos eólicos, a contaminación mariña ao longo da costa galega e a falla de activación dos protocolos anticontaminación, así como o que ten a ver neste momento coa megacelulosa proxectada na Ulloa, denunciando o intento de uso de fondos públicos para branquear políticas moi agresivas co noso territorio, co noso medio e coa nosa forma de vida.

En relación co modelo turístico, o BNG defende o turismo como unha ferramenta de desenvolvemento territorial que debe estar asociada aos sectores produtivos e ao patrimonio, contribuíndo, así, á sustentabilidade social, económica e ambiental e que debe servir para combater o despoboamento, fixando poboación.

Así mesmo, o BNG seguirá a defender unha política de mobilidade que impulse os transportes públicos e as conexións ferroviarias de alta velocidade e de proximidade, con conexións aéreas directas da Galiza co resto da UE, coa autopista do mar e a cabotaxe entre vilas e Rías, cun modelo integrador de transporte de bus, denunciando o monopolio en Galiza, un modelo de transporte que favoreza a intermodalidade e o respecto ao medio.

Galiza non pode ser un espazo de depredación e de espolio, precisamos preservar o territorio e os recursos propios, defendendo desde a nosa capacidade de produción de alimentos até a paisaxe ou a biodiversidade.

## 6. POLA LIBERDADE, OS DEREITOS, A DEMOCRACIA E O ANTIFASCISMO:

A Unión Europea constrúese sobre un modelo que é antisocial e antidemocrático, cun deseño que non só non recoñece a condición nacional de Galiza senón que está ao servizo de intereses económicos oligopólicos, lesivo para as maiorías sociais. Os principais centros de decisión da Unión Europea actúan á marxe de poderes públicos con lexitimidade democrática, as decisións que adoptan baséanse en procedementos opacos, permeábeis á influencia de lobbies que representan os intereses das grandes corporacións económicas. Esta non é a Europa dos Pobos democrática e socialmente xusta que o BNG defende, na que se garanta o recoñecemento dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, claramente restrinxidas e limitadas nos últimos tempos.

O avance do neofascismo en Europa é unha preocupación fonda para o BNG, co aumento de discursos de odio baseados na intolerancia e en modelos comunicativos de noticias falsas e censura para coartar o pluralismo mediático, que son usadas na manipulación informativa. Fronte a este avance, o BNG seguirá a defender unha Europa de dereitos, liberdades e xustiza social, denunciando o branqueamento do neofascismo, a falla de liberdade de prensa en medios públicos, como acontece na Galiza coa CRTVG.

Continuaremos a denunciar as políticas machistas e patriarcais, moi presentes nas institucións europeas, así como aquelas que promoven a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, demandando políticas de igualdade, co feminismo e a defensa dos dereitos LGBT, tamén en Europa.

Denunciamos o Pacto para o asilo e a inmigración da UE, aprobado en abril de 2024 que, en lugar de frear a situación de deshumanización e de favorecer a acollida cun sistema de asilo uniforme, promove políticas de externalización das fronteiras e control por Frontex, como xa vimos nos acordos da vergoña

con Marrocos, Turquía, Tunisia ou Libia. O BNG continuará a defender unha Europa que respecte as persoas migrantes e refuxiadas e que facilite o seu asilo e acollida.

## **7. POLA PAZ, O ANTIIMPERIALISMO E CONTRA AS POLÍTICAS DE GUERRA**

O BNG seguirá a denunciar a submisión da Unión Europea ao expansionismo estadounidense e o papel de Europa como colaboradora necesaria nas agresións militares capitaneadas pola OTAN e os USA, contribuindo desde a Unión Europea a unha orde internacional desigual e xerarquizada.

Por iso, denunciamos con contundencia o terríbel xenocidio que Israel está a cometer en Gaza contra o pobo palestino, «xunto co apartheid, persecución, expansión masiva dos asentamentos ilegais e a tentativa de expulsión do pobo palestino das súas terras na Cisjordania e tamén en Xerusalén Este», cunha Unión Europea consentidora co sionismo, incapaz de exercer de mediadora para garantir un cesamento do fogo inmediato. Defenderemos que a UE recoñeza o Estado palestino e que se poña fin á ilexítima ocupación de Palestina por parte de Israel, un cesamento do fogo inmediato e permanente en Gaza e a entrada de axuda humanitaria urxente no territorio palestino. Así mesmo, promoveremos a fin do Acordo de Asociación UE-Israel e da exportación de armas a Israel. Promoveremos a fin da importación á UE de produtos procedentes dos asentamentos israelís e a imposición de sancións inmediatas ao Estado israelí.

Así mesmo, no marco da inminente sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo sobre o Sáhara Occidental, continuaremos na defensa activa no Intergrupo do Sáhara Occidental para o respecto do dereito de autodeterminación do Pobo saharauí. Tamén continuaremos a relación con outros Pobos irmáns como o pobo curdo, os pobos de América Latina e o Caribe no marco da asemblea paritaria Eurolat e as relacións bilaterais que ten o BNG con outras nacións sen estado da Europa e do resto do mundo.

Garantiremos unha defensa activa no exercicio dos dereitos



humanos, da igualdade entre os pobos, da loita contra toda discriminación, racial, étnica, lingüística ou social que favoreza a integración das persoas migrantes, e regule e garanta o dereito de asilo.

En definitiva, o BNG seguirá a defender nas institucións europeas unha política e unhas relacións internacionais baseadas na paz, na solidariedade, no multilateralismo e na relación en pé de igualdade entre pobos. Seremos garante da defensa dos principios democráticos, da soberanía e independencia dos pobos, da paz, do antimilitarismo, dos dereitos humanos, da igualdade, da xustiza, da diversidade e da cooperación entre os pobos en pé de igualdade, co pacifismo e o antimilitarismo como bandeira e as relacións de solidariedade cos pobos oprimidos, así como o desenvolvemento dunha política internacionalista no marco do Parlamento Europeo alternativa á que desenvolve a Unión Europea.

## **8. POLA XUSTIZA SOCIAL E A DEFENSA DO DEREITO AO BENESTAR PARA AS GALEGAS E GALEGOS**

Os anos da pasada legislatura europea trouxéronos a dobre crise: a da pandemia da covid-19 e a da suba dos prezos. Coa pandemia, moitas persoas faleceron e outras moitas viron afectados os seus empregos. A suba de prezos dos produtos básicos afectou a vida das maiorías sociais do pobo galego, e traducíuse nun crecente empobrecemento social.

A laminación de dereitos e conquistas sociais, os recortes no sistema público de benestar social, así como a imposición dun desmantelamento dos sistemas públicos de servizos sociais, a destrución e precarización do emprego e a emigración xuvenil non fixeron máis que acrecentarse nos últimos anos, impulsadas polas políticas da Unión Europea.

Os problemas da precariedade do emprego, do aumento dos prezos da enerxía, dos carburantes e dos alimentos básicos deixaron moitas familias nunha situación moi difícil, chegando a aumentar o nivel de pobreza e exclusión social na

Galiza, en especial entre as clases populares. A isto súmase a falla de vivenda e a especulación coa mesma, que afecta principalmente á clase traballadora. Por iso, defenderemos no Parlamento Europeo un Plan Europeo de resposta á crise na vivenda, co fomento de vivenda pública e de prezos da vivenda máis accesíbeis na Galiza, e co remate do senfogarismo, impulsando medidas de inclusión e cun estricto control dos alugueiros de curta duración, para evitar a especulación.

En relación coa defensa do sistema público de asistencia social, o BNG propondrá no Parlamento Europeo todas medidas de apoio á sanidade pública galega, o impulso a programas de saúde mental, o acceso aos medicamentos en igualdade de condicións para todos os Estados membros, así como o apoio á investigación pública en materia sanitaria, novos medicamentos, enfermidades raras e na loita contra o cancro.

## **9. POLO RECOÑECIMENTO DA DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA**

Fronte ás políticas de uniformación lingüística impostas polos estados e avaladas pola Unión Europea, o BNG defenderá a diversidade lingüística que representan as nacións sen estado en Europa, como Galiza.

Exixiremos o cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, aprobada polo Consello de Europa, que implica importantes compromisos de cara á protección das linguas propias. En coherencia con isto, o BNG pulará por todos os medios posíbeis, tanto ao nivel da propia Unión Europea como do Estado español, para que o galego, en todas as súas variantes, se converta nunha lingua oficial de pleno dereito na Unión Europea, por escrito e oralmente, e na posibilidade de as galegas e galegos dirixirse ás institucións europeas e recibir respostas na lingua nacional da Galiza.

Aproveitaremos a representación no Parlamento Europeo para dar a coñecer a demanda de que Galiza estea inserida na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa. Así mesmo, defenderemos políticas culturais que apoiem as linguas e culturas dos Pobos de Europa e as súas industrias culturais.



## 10. POLOS DEREITOS DA MOCIDADE GALEGA, TAMÉN EN EUROPA

Na última década emigraron 80.000 mozas e mozos galegos de entre 16 e 29 anos, como consecuencia da falta de políticas que garantan a correcta inserción laboral da mocidade galega, tanto por parte da Xunta de Galiza como do goberno do estado, coa complicidade da Unión Europea.

Este fenómeno de emigración forzosa de mocidade cualificada, tamén coñecido como «fuga de talentos», supón –segundo datos do Foro Económico de Galiza– deixar de crear unhas 315 empresas e unha perda de entre 178 e 311,5 millóns de euros ao ano.

Diante desta situación, o BNG seguirá a denunciar o éxodo da mocidade galega e a defender o emprego digno e na Terra, e reclamará unha adecuada utilización dos fondos de cohesión, de maneira que se empreguen para evitar a emigración forzada das mozas e mozos galegos e facilitar o retorno da mocidade emigrada nos últimos anos.

# 11. MEDIDAS URXENTES

## Sectores produtivos estratéxicos

- Aposta por unha nova Política Agraria e pola soberanía alimentaria. O BNG considera necesario retomar como principio básico da política agraria a soberanía alimentaria de cada pobo, onde resida a facultade de definir as propias políticas agrarias e alimentarias consonte os seus recursos e obxectivos de desenvolvemento sustentábel. Galiza debe poder protexer o seu mercado alimentario doméstico, evitando a importación de produtos que ten capacidade de producir, e consolidando un modelo de produción agraria baseado na proximidade, na redución de intermediarios e na ruptura co modelo implantado na Organización Mundial do Comercio (OMC), fortemente influenciado polas grandes multinacionais da alimentación e os mercados financeiros. Nese sentido, defenderemos unha política agraria diferente, que contribúa a corrixir os desequilibrios existentes no reparto de axudas ás persoas profesionais do sector agrario, que teña en conta o espallamento poboacional e as nosas particularidades á hora de habitar o territorio, e que potencie a calidade dos alimentos, a protección do ambiente e as funcións sociais e territoriais da actividade agraria. Defenderemos unha nova política forestal que non estea baseada no cultivo do eucalipto.
- Apoio a sectores como o vitivinícola, ameazado pola liberalización do sector e a entrada de híbridos, defendendo medidas que teñan en conta as particularidades que Galiza ten neste sector, tanto do punto de vista natural como científico ou paisaxístico, e promovendo a investigación e conservación neste ámbito.
- Establecemento dun novo status institucional para Galiza na UE en materia pesqueira, recoñecendo formalmente o seu carácter como «Zona Altamente Dependente da Pesca», e posibilitando a súa presenza, con dereito de decisión e obxección, nas institucións comunitarias onde se adoptaren decisións en materia pesqueira. Exixencia de respecto das competencias propias na pesca de baixura, no marisqueo e na comercialización. Así mesmo, reclamaremos a derogación do «Principio de estabilidade relativa», que consagra a discriminación da nosa frota en augas comunitarias e a





erradicación dos privilexios que benefician a determinados estados. Tamén o acceso da frota galega de altura e grande altura a caladoiros en augas internacionais e no acceso a acordos pesqueiros con terceiros estados. O BNG defenderá a fin da prohibición da UE de programas de renovación e modernización da frota pesqueira galega, por motivos produtivos, de calidade de vida a bordo, e mesmo de seguraza marítima. Sendo como somos a primeira potencia de produción de conserva da UE, reclamamos a fin da competencia desleal para cos nosos produtos, segundo o deseño da OCM, rematando cos acordos da UE con estados do sueste asiático.

- Defensa da capacidade produtiva no sector da construción e reparación naval, permitindo medidas de intervención pública que garantan o seu pleno desenvolvemento como actividade estratéxica para Galiza.

### **Redistribución da riqueza e xustiza social**

- Derrogación das condicións abusivas do artigo 135 dos tratados comunitarios e loita por outro modelo de gobernanza económica. Así mesmo, combateremos o fomento da privatización dos servizos públicos e o impedimento da súa recuperación defendendo o establecemento de límites e a eliminación de calquera tipo de trabas legais impostas desde Europa á hora da reinternalización (rescate) dos servizos e empresas de orixe pública promovendo que se permitan e regulen. O BNG combaterá a imposición dos mecanismos de estabilidade orzamentaria, así como as directivas de servizos vixentes, fundamentadas non no beneficio público senón no principio de competencia capitalista.
- Creación dunha renda social europea, que teña por obxecto impedir os actuais procesos de empobrecemento de amplas capas da poboación a asegurar unha calidade de vida digna. Traballaremos pola continuidade do grupo pola renda mínima europea no Parlamento Europeo.
- Gravar as transaccións económicas especulativas e erradicar os paraísos fiscais na UE, e limitar os movementos de capitais cara a paraísos fóra da UE, así como asegurar a coordinación para a tributación das grandes corporacións empresariais, para impedir a evasión fiscal e a súa xusta contribución en función dos beneficios obtidos.

- Defensa de que se teña en conta o elemento demográfico no marco da actual negociación de fondos de cohesión, coa inclusión dos criterios da dispersión e do envellecemento na Galiza como factor de dificultade e encarecemento para a prestación de servizos, sanitarios, transporte, correos, etc., e a necesidade de maior apoio, así como coa chamada sobre o elemento da emigración da mocidade e de profesionais de todas as idades.
- Defensa da implantación dunha xornada laboral de 35 horas semanais e do avance nunha racionalización dos horarios laborais, coa paulatina implantación de xornadas continuadas a fin de promover unha mellor distribución dos horarios e a conciliación da vida laboral e familiar. Vincular isto á defensa do dereito da Galiza a decidir sobre a adopción do fuso horario do meridiano de Greenwich
- Impulso a unha maior transparencia e control democrático das institucións comunitarias a través da publicación de todos os procesos deliberativos previos á toma de decisión no Consello de Ministros, o control dos lobbies e grupos de presión e un maior control por parte do Parlamento Europeo doutras institucións comunitarias. Opoñémonos con toda contundencia a que a Comisión Europea, o Banco Central Europeo e o Fondo Monetario Internacional (órganos opacos e sen ningún control democrático) teñan as rendas da decisión sobre as nosas vidas.

### **Memoria democrática, antifascismo e liberdade de expresión**

- Promoción da memoria democrática e da loita antifascista. Recuperación e socialización de lugares da memoria vinculados á represión e á resistencia antifascista. Cumprimento da Resolución do avance contra o neofascismo en Europa, promovida polo BNG como relator, na que se reclama a ilegalización da Fundación Franco e outras fundacións que fan apoloxía do fascismo.
- Defensa inquebrantábel da liberdade de expresión e de prensa.

### **Dereitos lingüísticos**

- Apoio decidido ás linguas minorizadas como o galego garantindo o cumprimento dos obxectivos da Carta

Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias nos ámbitos do ensino e dos medios de comunicación e derogando as normas que contraveñen o disposto nela. Reclamación da oficialización do idioma galego na Unión Europea.

### **Feminismo, dereitos lgbt e dereitos das persoas migrantes**

- Defensa das alternativas feministas e combate da vaga de retrocesos que pretende reforzar o patriarcado. A involución que se está a dar en moitos lugares nos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, no auxe do machismo e do patriarcado, así como no aumento da violencia contra as mulleres, incluído o retroceso institucional, precisa da defensa en Europa de políticas que apoien a loita contra a violencia de xénero e a misoxinia, contra o machismo e a volta atrás nos dereitos. Defenderemos os dereitos sexuais e reprodutivos e de decisión das mulleres sobre os seus corpos. Oporémonos á legalización e permisividade da práctica dos ventres de alugueiro por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas máis empobrecidas e vulnerábeis. Impulsaremos medidas de reprobación e sanción ao Estado español polo incumprimento do Convenio de Istambul a respecto da prevención e da loita contra a violencia machista.
- Defensa dos dereitos das persoas LGBT, denuncia de casos de discriminación e promoción de políticas de igualdade real de dereitos.
- Loita contra a xenofobia e o racismo e protección das persoas migrantes e refuxiadas mediante a derogación das directivas sobre o retorno da inmigración, o Acordo da Vergoña UE-Turquía e pulo á aprobación do Pacote de Asilo Dublín, que garantiría o dereito ao asilo das persoas refuxiadas, e a creación dun Visado Humanitario Europeo, como defendemos constantemente nesta lexislatura no Parlamento Europeo. Garantía do dereito ao acceso aos servizos públicos e integración por parte das persoas estranxeiras en situación irregular, así como a reforma do Acordo de Schengen, que lexitima as políticas regresivas que dificultan a permanencia legal e integración das persoas migrantes ou a esixencia de que a Europa fortaleza mude as competencias de Frontex para rescatar persoas en lugar de permitir que morran, como está a acontecer no Mediterráneo. Condena á criminalización de organizacións e persoas que rescatan vidas no mar e axudan persoas refuxiadas.



## Emigración

- Loita contra a emigración galega e defensa dos intereses das e dos emigrantes retornados e dunha tarificación fiscal non discriminatoria para as persoas residentes no exterior.
- Con independencia de que é o ámbito galego o que debe xerar recursos para garantir emprego digno na propia Terra, o BNG oporase ao principio comunitario de «libre circulación de traballadores» como coartada para favorecer, precisamente, o éxodo da mocidade galega.
- Recoñecemento tácito das formacións e diplomas entre os países da UE e Suíza e o Reino Unido.
- Aplicación obrigatoria dos convenios e lexislación en materia laboral para as e os traballadores desprazados no estado onde sexa, para a persoa traballadora, a lexislación máis favorábel aos seus intereses.

## Mocidade

- Defensa do dereito da mocidade galega a vivir na propia Terra, denunciando a emigración xuvenil na Galiza, reclamando unha adecuada utilización dos fondos de cohesión, para seren usados para frear a emigración forzosa das mozas e mozos galegos e facilitar o retorno da mocidade emigrada.

## Laicidade

- Defensa dunha Europa laica e respecto á diversidade relixiosa.

## Medio ambiente

- Aposta pola soberanía enerxética dos pobos e polas enerxías renovábeis pulando por unha transición social e territorialmente xusta, para amortecer os efectos da dependencia enerxética exterior e rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro, co acceso prioritario aos mercados de enerxía procedente de fontes renovábeis. Defensa da capacidade de decisión de Galiza para definir e organizar o seu novo modelo enerxético diante

da progresiva eliminación de materias primas finitas. Demanda do recoñecemento do dereito de Galiza a ter unha tarifa eléctrica galega que lle permita facer do seu papel de produtora excedentaria un motor de desenvolvemento económico e social, en harmonía e coherencia coas tarifas diferenciadas que existen en toda Europa.

- Denuncia da xestión de residuos desenvolvida na Galiza por SOGAMA co apoio e financiamento da UE, e esixencia do financiamento público da prevención, a reciclaxe e a compostaxe, así como a penalización da incineración e o vertido. Reclamación da inspección e vixilancia dos residuos nucleares depositados na fosa atlántica en cumprimento do Tratado Euratom.
- Exixencia do saneamento integral das rías e dos ríos galegos, denunciando o seu estado e a necesidades de control efectivo da execución do seu saneamento no cumprimento da Directiva Marco da Auga, como prioritario. Impulso da denuncia do estado dos ríos galegos e da afectación polo impacto da produción hidráulica e das deficiencias no saneamento e xestión dos residuos.
- Denuncia da normativa europea que permite, e mesmo incentiva e promove, o espolio e privatización dos espazos naturais por megaprojectos de minaría e macroacuicultura industrial, urbanismo, enerxéticos ou doutro tipo, que afecta en moitos casos espazos da Rede Natura, e a capacidade produtiva propia. Denuncia da megacelulosa proxectada por Greenfiber (Altri, Greenalia) na Ulloa, coa conivencia do PP e na que se pretenden investir millóns de diñeiro público de fondos europeos.

## Mobilidade

- Defensa dunha nova política de transporte, favorecedora do transporte público, as conexións ferroviarias (de pasaxeiros e mercadorías) e as conexións aéreas directas da Galiza co resto da UE. Impulso da intermodalidade. Aprobación definitiva da entrada do Porto de Vigo e da Coruña no Corredor Atlántico de Mercadorías europeo. Modernización urxente da liña Vigo-Porto. Defensa do Corredor Atlántico e da conexión de alta velocidade Vigo-Lisboa para pasaxeiros e mercadorías, fronte á priorización Lisboa-Madrid que establece a UE e que interesa ao centralismo español. Defensa dunha

política de seguraza ferroviaria, para que se esixan responsabilidades polo incumprimento da normativa, como a traxedia do accidente de Angrois, e que se cumpra coas obrigas en materia de seguraza e poidamos coñecer toda a verdade do acontecido.

### **Promoción da paz e do antiimperialismo**

- Defensa dunha política de paz que renuncie explicitamente á guerra preventiva e a calquera agresión militar que conculque a carta fundacional das Nacións Unidas. Rexeitamento das inxerencias e ocupacións militares doutros países, especialmente doutras nacións sen estado. Defensa dunha política internacionalista de solidariedade internacional e non inxerencia. Desaparición do «euroexército» e das misións internacionais da UE.
- Denuncia expresa do xenocidio que Israel está a perpetrar en Palestina. Defensa do recoñecemento do Estado palestino e fin á ilexítima ocupación de Palestina por parte de Israel, cesamento do fogo inmediato e permanente en Gaza e a entrada de axuda humanitaria urxente no territorio palestino. Promoción da fin do Acordo de Asociación UE-Israel e da exportación de armas a Israel, da importación á UE de produtos procedentes dos asentamentos israelís e a imposición de sancións inmediatas ao Estado israelí.

### **Ensino público**

- Frear a mercantilización do ensino en todos os niveis, particularmente no superior (Plan Boloña), continuando a aposta por unha universidade pública, galega e de calidade educativa e investigadora, co fomento das iniciativas de apoio económico á innovación nas universidades públicas e nas pequenas e medianas empresas galegas, e cunha política antagónica á mercantilización, elitización e uniformación. Así mesmo, pularemos por mellorar o programa de axudas ao estudiantado Erasmus, destinando o seu montante de xeito preferente a bolsas, modificando a tendencia a conceder préstamos e prácticas laborais.

## **Dereitos dos animais**

- Promover unha estratexia europea arredor do benestar e protección animais e supresión de calquera axuda directa ou indirecta a espazos relacionados coa tauromaquia.

## **Sistema público de asistencia sociosanitaria**

- Apoio ás persoas e colectivos con doenzas e dependencias como o Alzheimer, a síndrome de Down, o autismo, as enfermidades mentais, as doenzas relativas á mobilidade, a anorexia, e tantas outras que loitan incansabelmente contra un recorte de recursos públicos e por apoio a pacientes e contorna familiar, co aumento de fondos europeos para a investigación, para o tratamento deste tipo de enfermidades. Así mesmo, demandaremos a continuidade nos grupos de traballo no Parlamento Europeo de loita contra o cancro, tendo en conta que é a doenza que afecta unha gran parte da poboación europea, incluíndo a petición de aumento de fondos europeos para a investigación, tratamento e cofinanciamento de recursos técnicos, incluída a implantación oficial da biopsia líquida.

## **Novas tecnoloxías**

- Demandaremos unha maior implicación das políticas europeas no fomento da implantación do software libre e maiores controis ás accións das grandes multinacionais tecnolóxicas, incluíndo a Intelixencia Artificial, a tecnoloxía de datos e a biometría, así como apostaremos polo desenvolvemento de medidas no ámbito de tecnoética para protexer o interese público e o exercicio de dereitos civís e liberdades democráticas.